

ACTA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO
POSTO DE DIRECCIÓN-XERENCIA DO AUDITORIO DE GALICIA

Reunese o comité de avaliación correspondente o 28 de marzo de 2017 á 16:30 h,
constituído como segue:

Presidente: Martiño Noriega Sánchez
Vicepresidente: Manuel Dios Diz
Secretaria: Silvia Modia Ferreiro
Vogais: M^a Dolores Álvarez Pérez
Marcelino Fernández Santiago
Belén Hernández Lafuente
Xaquín Monteagudo Romero
Xesús Ron Pereiro
Marisa Sobrino Manzanares

Tal e como indica o apartado 2 da base 6 que rexe esta convocatoria, este comité avaliou a adecuación dos plans de actuación aos criterios definidos no citado apartado das bases: fins, valores e obxectivos así como estratexias e liñas de actuación ademais da posible programación proposta para desenvolver nos espazos existentes e coordinación e cooperación con unidades de produción como a Real Filharmonía de Galicia, a Banda Municipal de Música e a Escola de Altos Estudos Musicais.

Este comité realizou unha valoración dos plans estratéxicos para o Auditorio de Galicia en relación á propia Concellaría de Acción Cultural enmarcada no contexto local e no ámbito xeral, referenciando unha estratexia de identidade para os tres espazos programáticos. No proceso de avaliación foron contemplados ademais do interese cultural do proxecto, a coherencia e posibilidade real de desenvolvemento do mesmo, outros aspectos como a transversalidade, a participación cidadá, a capacidade de acadar de novos públicos, as sinerxias de colaboración con outros segmentos sociais e culturais privados e públicos da cidade e ámbitos máis amplos así como a atención á formación e investigación ou a sustentabilidade. Outros aspectos tidos en conta na avaliación foron a concreción e temporalización das actividades, a captación de recursos e o desenvolvemento operativo da xestión respecto dos equipos humanos e dos espazos.

Estes criterios de avaliación foron incluídos en tres grandes apartados cualificados con 25 puntos cada un:

- 1.- Adecuación do plan de actuación aos criterios das bases.
- 2.- Calidade do plan de actuación.
- 3.- Viabilidade do plan de actuación.

Tres candidata/os presentan plans de actuación de calidade, por riba dos demais. Son os tres candidata/os máis valorada/os pois teñen establecido un diagnóstico contextual amplo a partir do que elaboran claros obxectivos e estratexias que permitan desenvolver contidos e accións innovadoras. A/O candidata/o núm. 3, a/o máis valorada/o, realiza unha análise pormenorizada sobre asistencias e sobre iso, afonda en novos públicos; ademais de adecuar o proxecto presentado aos orzamentos máis recentes incidindo na necesidade da captación de novos recursos. O proxecto fai referencia á temporalización de actividades e accións orzamentarias así como aos espazos de programación e ao equipo humano. A/o candidata/o núm. 7 obtén menor puntuación pois sendo un plan de actuación como o presentado polo núm. 3, ben contextualizado, analizado, coherente e viable, non presenta un plan orzamentario tan detallado como o anterior. A/O candidata/o núm. 14, que recibe a terceira mellor puntuación presenta un plan ben desenvolvido con obxectivos e estratexias claras pero a súa concreción a nivel de actividades é escasa en canto ás artes escénicas e do movemento; por outra parte, a cuestión orzamentaria non está recollida nin detallada.

Outra/os tres candidata/os (núm. 9, 10 e 13), que reciben menores puntuacións, presentan plans de actuación menos exhaustivos e aínda que coherentes non tanto como os anteriores, pois non se concreta a viabilidade nin a súa vinculación real coas dispoñibilidades orzamentarias. A/O candidata/o núm. 10 presenta un plan programático coherente e detallado pero no que non desenvolve a súa viabilidade económica. A/Os candidata/os núm. 9 e 13, coa mesma valoración, plantexan novas liñas de actuación, sen concretar excesivamente, pero non analizan as actuais nin como integrais no seu plantexamento. Un dos plans dedica un parágrafo á necesidade de sanear e sobredotar o orzamento e o outro realiza un somero análise do orzamento actual.

A/Os catro aspirantes restantes, núms. 2, 4, 5 e 15, non acadan o 50% da puntuación total. A/O núm. 15 presenta un plan de actuación pouco específico, sen debullar aspectos concretos de programación e xestión, que inclúe como puntos débiles algunhas unidades de produción básicas na organización de funcionamento de Concellaría de Acción Cultural. A/O candidata/o núm. 2, presenta un plan rigoroso e coherente pero non definido especificamente para a acción cultural, podría ser válido para calquera empresa de calquera actividade

mercantil. Os núms. 4 e 5 presentan proxectos pouco definidos sen afondar nin concretar obxectivos, estratexias ou liñas de actuación e que non recollen temporalización, nin innovación, incluso nos que se citan novos públicos pero sen formular actuacións claras e definidas.


Deste xeito, e tras as correspondentes deliberacións por parte dos membros deste comité, as puntuacións acadadas polos candidatos son as seguintes:

Candidato núm.	NIF núm.	Puntuación
2	*****656*	30
3	*****999*	70
4	*****046*	25
5	*****605*	28
7	*****049*	67
9	*****998*	42
10	*****392*	51
13	*****146*	42
14	*****241*	55
15	*****262*	37


Martiño Noriega Sánchez


Manuel Dios Diz


M^a Dolores Álvarez Pérez


Marcelino Fernández Santiago


Belén Hernández Lafuente


Xaquín Monteagudo Romero


Xesús Ron Pereiro


Marisa Sobrino Manzanares


Silvia Modia Ferreiro